



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Anuncio de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal n.º 6: taxa lixo para 2021

ANUNCIO

Modificación da Ordenanza fiscal n.º 6: taxas servizo recollida de lixo

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada en data 30/11/2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1.º.–Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal n.º 6, reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliar e residuos sólidos urbanos, coa introducción dunha nova Disposición Transitoria:

<<DISPOSICIÓN TRANSITORIA

En tanto persistan limitacións ou restricións á actividade derivadas de situacións de emerxencia ou alerta sanitaria por mor da pandemia do virus SARS-Cov2 adoptadas polas autoridades sanitarias competentes, tanto nacionais como autonómicas, que afecten tanto ao aforo como a os horarios de apertura da actividade nos sectores da hostalería e turismo incardinados dentro das tarifas 28, 88, 89, 90, 91 e 93 –agrupación 1.68 tan só– do artigo 9.3 da presente Ordenanza, establécese unha bonificación de ata un máximo do 50% sobre das cotas anuais da taxa, na súa modalidade comercial, correspondente ao custe variable da mesma –reciclaxe dos residuos verquidos-, que se aplicará do seguinte xeito:

1.–A bonificación terá carácter trimestral, e consistirá nun 12,5% da cota anual por cada trimestre.

2.–Computaranse cada trimestre como de 90 días, esto é, o ano a 360 días.

3.–Tomarase en conta, para a aplicación da bonificación total anual, o número total de días nos que se teñan producido limitacións tanto de aforo como de horario nos sectores incluídos nas tarifas antes sinaladas, sumando todos os días do ano, e obtendo, deste xeito, un agregado total anual.

4.–Ao agregado total anual aplicaráselle o redondeo que proceda, de xeito que se se acadan 45 días do derradeiro trimestre ao que alcance a suma anual dos días, considerárase devengada a bonificación por todo ese trimestre.

5.–O padrón fiscal da taxa do lixo, na súa modalidade comercial, poñerase ao cobro, para facilitar o sistema de xestión exposto, no último semestre do ano, e emitíranse as liquidacións coa aplicación da bonificación que resultase xa devengada á data de aprobación do padrón. De se aumentar o número de trimestres bonificables consorte á regra anterior unha vez posto ao cobramento o mesmo, corríxirase a cota posta ao cobro, como prorrateo da mesma por circunstancias sobrevidas, aplicándose a bonificación pendente.

A bonificación aplicarase de oficio, sen precisar solicitude de parte, e afectará á cota tributaria resultante de aplicar as normas de xestión do artigo 10 da presente Ordenanza.

Esta Disposición entrará en vigor o primeiro de xaneiro do ano 2021, e permanecerá en vigor en tanto persista a situación de alerta sanitaria derivada da pandemia do COVID19.>>

2.º.–Expor ao público o acordo durante o prazo de TRINTA días hábiles, a contaren desde a inserción do anuncio de aprobación inicial no B.O.P., para a presentación de alegacións. No caso de non se presentaren alegacións, o acordo entenderase tácitamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e entrará en vigor o primeiro de xaneiro do 2021.

O que se fai público aos efectos previstos nos arts. 15 e seguintes do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O expediente está a disposición dos interesados nas dependencias do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria e Catastral durante o período de exposición pública.

Carballo, 18 de xaneiro do 2021.

O ALCALDE

Evencio Ferrero Rodríguez